



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

PROCESO SELECTIVO MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DE SOCORRISTAS PARA A PISCINA MUNICIPAL DESCUBERTA "O MUÍÑO", ORDES (Expdte. 2025/E001/000003).

1º EXERCICIO: CUESTIONARIO DE PREGUNTAS CURTAS TIPO TEST.

En Ordes, 6 de xuño de 2025, sendo as 13.00 horas, reúnen na Sala de Conferencias, Baixos da Alameda (rúa Xoxardo, Ordes), o Tribunal que ha de xulgar o **PROCESO SELECTIVO MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DE SOCORRISTAS PARA A PISCINA MUNICIPAL DESCUBERTA "O MUÍÑO", ORDES**, convocado por decreto da Alcaldía nº 500/2025, de data 05/05/2025,.

Asisten:

- **Presidenta:** Pilar Rey Rodís, Funcionaria da escala de administración xeral, subescala de xestión.

- **Vogais:**

Yolanda Cela Villaverde, Funcionaria da escala de administración xeral, subescala de xestión.

Marcos Barreiro Fontenla (Funcionario Escala Administración Xeral. Subescala de xestión).

Marcos Gándara Costa, Funcionario da escala de administración xeral, subescala de xestión.

- **Secretario:** José Alberto Moar Tobío, Funcionario da escala de administración xeral, subescala de xestión.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, procedéndose seguidamente de conformidade co establecido na Base 5ª (Desenvolvemento do proceso selectivo) a iniciar o acto de realización do 1º exercicio do proceso selectivo, de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistindo este en contestar, nun tempo máximo de 30 minutos, un cuestionario tipo test de 25 preguntas directamente relacionadas coas funcións propias do posto (Anexo II: Temario), sendo eliminados do proceso selectivo os aspirantes que non acaden un mínimo de 5,00 puntos sobre un máximo de 10,00 puntos. Cada resposta correcta valorárase con 0,40 puntos e cada resposta incorrecta restará 0,10 puntos; as preguntas non contestadas non se valorarán.

Previamente, o Tribunal, en exercicio da facultade que se lle atribúe na base 6ª do proceso selectivo para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nas bases, acorda que os aspirantes deban responder a 3 preguntas adicionais de reserva, que só se valorarán no caso de que deba anularse algunha das 25 preguntas iniciais, acordando tamén outorgándolles 5 minutos adicionais para a realización da proba, co cal os aspirantes disporán de 35 minutos en total para a realización da mesma.

Seguidamente, procédeuse a efectuar o chamamento dos aspirantes admitidos definitivamente no proceso selectivo, co resultado seguinte:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ASPIRANTE	DNI	COMPARECE
LOPEZ MORADO MARIA	***0209**	SI
LOPEZ RODRIGUEZ DAVID	***0546**	SI
MALDONADO MARTINEZ WALTHER ANDRES	***3917**	SI
MARTINEZ SANCHEZ ANTÍA	***0268**	SI
MUNIN CANDAL ALEX	***9322**	SI

Antes de que os aspirantes comencen a realizar a proba, infórmaselles do disposto na Base 5ª do proceso en relación co desenvolvemento desta proba, e tamén sobre o acordo do Tribunal relativo ás preguntas de reserva. O tribunal preguntalle ós aspirantes se teñen algo que manifestar en relación co nomeado acordo, manifestando todos eles a súa conformidade ó respecto.

Unha vez rematada a realización do exercicio polos aspirantes, o Tribunal procede a realizar a corrección, acordando outorgar as seguintes puntuacións provisionais:

ASPIRANTE	RESPOSTAS CORRECTAS	RESPOSTAS INCORRECTAS	NON CONTESTADAS	PUNTUACIÓN
LOPEZ MORADO MARIA	20	1	4	7,90
LOPEZ RODRIGUEZ DAVID	22	2	1	8,60
MALDONADO MARTINEZ WALTHER ANDRES	15	3	7	5,70
MARTINEZ SANCHEZ ANTÍA	23	1	1	9,10
MUNIN CANDAL ALEX	23	2	0	9,00

Conforme ó disposto na base 5ª do proceso selectivo, os aspirantes disporán de prazo ata o día 11/06/2025 para presentar reclamacións contra o presente acordo polo que se outorgan as puntuacións provisionais. No caso de que non se presenten reclamacións, as puntuacións outorgadas quedarán automaticamente elevadas a definitivas.

RECURSOS: Por tratarse dun acto de trámite (art. 112.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro), non cabe recurso en vía administrativa.

E non sendo outro obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a presidencia que se redacte presente acta. Sendo as 13:40 horas do día ó principio sinalado.

Ordes, documento asinado electrónicamente.

A Presidenta,
Pilar Rey Rodís

O Secretario,
José Alberto Moar Tobío.